



MODEPEN

Movemento Galego pola
Defensa das Pensións e os
Servizos Públicos

BOLETÍN DE MODEPEN-VAL de MIÑOR Nº 6 Febreiro 2022

Valoración de urxencia da nova Lei de pensións

Aspectos positivos

1. Os chamados gastos impropios da Seguridade Social serán asumidos polos Orzamentos Xerais do Estado. En adiante as cotizacións sociais destinaranse ao financiamento das pensións contributivas.
2. Realizarase unha auditoría de ingresos e gastos do sistema desde 1967 a 2020, o que permitirá demostrar que a SS asumiu durante décadas gastos que non lle correspondían, o que facilitou que os partidarios da privatización argumentasen a existencia dunha débeda ficticia.
3. Faise referencia a que se debe asegurar o actual nivel das prestacións públicas medida pola taxa de substitución da pensión inicial en relación co salario, o que dificultará os intentos futuros de reducir as pensións iniciais.
4. Recoñécese o dereito ás pensións de viuvez das parellas de feito, acabando así cunha discriminación que prexudicaba a centos milleiros de persoas.
5. Ábrese a porta a un complemento ás pensións das persoas con longas carreiras de cotización, se ben a redacción final limita moito o número de persoas beneficiadas e a contía dos complementos.
6. Por primeira vez relaciónase o importe das pensións co Salario Mínimo Interprofesional, aínda que unha redacción voluntariamente vaga fará moi difícil que teña un impacto real no importe das pensións mínimas.

Aspectos negativos

1. Até 2011 garantíase o mantemento do poder adquisitivo das pensións segundo o IPC real, mediante unha suba ao principio de ano (con arreglo ao IPC previsto), e unha segunda actualización a final de ano, se o IPC real superaba esa previsión. As reformas de 2011 e 2013 acabaron coa garantía do mantemento do poder adquisitivo (0,25% de Fátima Báñez). A nova lei non garante o mantemento do poder adquisitivo.
2. Mantense a idade legal de xubilación aos 67 anos. Inaceptábel se temos en conta a existencia de máis de 3 millóns de persoas paradas, un 40% de paro xuvenil e unha taxa de actividade feminina inferior nun 10% á masculina.
3. En Galiza, o 46% das pensións están por debaixo do limiar de pobreza, 688€ mensuais en 14 pagas. Coa nova lei continuará a haber pensionistas pobres.
4. O obxectivo da nova lei é obrigar as traballadoras e traballadores a subscribir plans privados para converter unha parte das súas cotizacións sociais en produtos financeiros dos que bancos, compañías aseguradoras e fondos de investimento obteñan beneficios, en total un 0,6% das cantidades achegadas.



Recorda que, con sol ou chuva, os primeiros luns de cada mes ás 12,00 estamos na Ramallosa, na Capela de San Campio, defendendo as nosas reivindicacións, que son as túas. Porque se non es xubilado aspirarás a selo no remate da tua vida laboral.

GOBERNE QUEN GOBERNE, AS PENSÍONS DEFÉNDENSE

modepenminhor@gmail

Casualidade ou Causalidade?

Despois de que por “casualidade”, o pasado día 8 de febreiro Nadia Calviño (Ministra de Economía), saíse do Consello de Ministros e se topase con Carlos Sanjuan, o xubilado impulsor da campaña “Soy mayor, no idiota” que ía entregar as 600.000 sinaturas recollidas ata ese momento, o día 9, o Banco de Santander, seguro que tamén por “casualidade”, enviou un correo aos seus clientes anunciando que do día 14 en diante o servizo de Caixa das oficinas abriría ata as 14 horas; ademais os maiores de 65 anos contarán, entre outras cousas, cun Embaixador senior para axudarlles nas súas necesidades operativas diarias.

E seguro que detrás virán outros, pero nós a iso non lle chamamos casualidade senón **causalidade**. A derivada de 600.000 sinaturas, e subindo, e da atención que lle deron os medios de comunicación. Presión falando en prata; a presión que tamén, hai que dicilo, levan facendo organizacións de MODEPEN como as de Ribadeo, Coruña, Cangas, etc... aínda que con menos repercusión mediática. En resumo, a **presión** exercida pola **mobilización**.

Segundo “O Diario.es” no ano 2021 entre o Santander, BBVA, CaixaBank, Sabadell, Unicaja e Bankinter pecharon 3.000 sucursais. Por esta causa, das 4,2 sucursais de media por persoa maior de 60 anos que había no ano 2008, pasouse a 1,7 en 2021.

Dos 19.000 traballadores que no ano 2021 estaban incluídos en ERE, despediron polo momento a 12.700. E ademais seguindo a estela das medidas antipandemia reduciron os horarios de atención ao público e afondaron na política de **dixitalización**, que como sabemos produce a exclusión, sobre todo, das persoas maiores, aínda que iso si, a principios de febreiro dicían que era por “petición dos clientes e non para rebaixar custes”.

Para contrastar e poñendo só algúns exemplos, diremos que, en 2021, CaixaBank tivo un beneficio neto de 5.195 millóns de euros, triplicando os de 2020. Banco de Santander un beneficio atribuído de 8.124 millóns, fronte a unhas perdas de 8.771 o ano anterior; e para rematar este mareo de millóns, o BBVA tivo un beneficio atribuído de 4.653 millóns en 2021 fronte aos 1.305 do ano anterior.

E non esquezamos que o pasado día 18 de xaneiro, o Consello de Ministros aprobou que o Estado asuma máis de 40.000 millóns de euros que corresponden a 35.000 de débedas da SAREB, o “banco malo” creado cando o rescate bancario que non costaría nada segundo o ministro De Guindos, e a algunhas multas impostas por Europa. En resumo o montante total achegárase ao que se arrecade entre 2023 e 2032 pola subida de cotizacións proposta polo Goberno para financiar o aumento de gasto en pensións.

Resumindo, resumindo, resumindo: aos bancos trátamolos ben, e estes a nós trátanos moi mal, e que se queremos mudar as cousas temos que **mobilizarnos**.

A campaña lanzada en Change.org para reclamar atención humana nas sucursais bancarias tivo efectos inmediatos. Despois de acadar 550.000 sinaturas, estas son as respostas a toda páxina en edición dominical de prensa de gran tirada estatal.

Ni Carlos ni los demás somos idiotas

El problema no es la tecnología, sino que las webs de bancos y ministerios están diseñadas por cantamananas y escritas en jergas incomprensibles



El anciano valenciano de 78 años que ha promovido la campaña por la “humanización” de la atención en las oficinas bancarias. Kai Försterling EFE



IV ASEMBLEA DE MODEPEN EN NIGRÁN



O pasado 22 de xaneiro tivo lugar no auditorio do Concello de Nigrán a IV Asemblea do MODEPEN, sendo organizado este acto pol@s afiliad@s do Val de Miñor. A chegada das persoas asistentes foi amenizada coa música de 2 gaiteiros.

Comezou o acto co saúdo e benvida do Sr. Alcalde de Nigrán, agradecendo en especial á xente de lonxe o seu esforzo e compromiso. Estiveron presentes representantes das plataformas de A Coruña, Betanzos, O Ferrol, Cangas, O Barbanza, Tui, Ribadeo, Redondela, Vigo, A Louriña, Ourense, Rianxo e Val de Miñor.

Iniciouse a continuación a Asemblea Extraordinaria, e seguindo a orde do día tivo lugar o debate das enmendas presentadas ao documento-marco *As ideas que nos unen*, e aos Estatutos. Despois das oportunas discusións quedaron aprobados ámbolos textos, e pasamos ao xantar, sendo numeroso e fraternal, nun acolledor restaurante do Val.

Xa pola tarde retomamos a orde do día e procedemos á elección dos membros da nova Xunta Directiva de MODEPEN. Seguidamente pasouse á Asemblea Ordinaria, na que foron aprobadas por unanimidade a acta anterior, a memoria de actividades e o balance anual de ingresos e gastos. Entre outros varios, acordouse apoiar a iniciativa de Carlos San Juan "Soy mayor, no idiota". Como remate procedeuse á clausura, tomando a palabra o presidente Gonzalo Balo agradecendo o traballo de tod@s, así como facendo presente a necesidade de seguir na procura de máis participantes, pois o futuro segue a ser preocupante diante das ameazas das privatizacións, así como das condicións económicas .



GOBERNE QUEN GOBERNE, AS PENSIÓNS DEFÉNDENSE

AS MOBILIZACIÓNS CONTINUÁN I

Diante das novas ameazas, que nunca diminuíron, sobre o futuro das pensións, actuais e futuras MODEPEN non baixa a guarda. Continúan as mobilizacións, nesta ocasión descentralizadas en dous lugares. Así, Ribadeo e Cangas do Morrazo, no norte e sul da nosa xeografía, foron os lugares da cita do 12 de febreiro. Nesta ocasión lembramos a necesidade de que as pensións suban o IPC real, a non a trampa do IPC medio, así como a necesidade de que suban as pensións mínimas



PRESENTACIÓN O DÍA 1 DE ABRIL DE SOCIALISMO EN EUROPA 2020



Xabier Pérez Davila, o Xabier, a quen moitos/as de vós teredes escoitado ao remate dalgunha concentración ou manifestación de MODEPEN, é autor, entre outros, do libro "Socialismo en Europa 2020, unha ambiciosa proposta socialista, feminista e ecolóxica" e vai presentalo, o próximo día 1 de abril, no **Auditorio Municipal de Nigrán**. Ese día poderedes escoitar ao autor, coa súa habitual claridade expositiva, falar dos síntomas do mal das sociedades capitalistas actuais: desigualdade da distribución de rendas, precariedade no traballo e o fenómeno mundial da baixada de participación dos salarios no PIB. Tamén dos diagnósticos e algunhas das terapias propostas para resolver eses problemas. Analizará igualmente algunha das experiencias históricas de socialismo para rematar afirmando que, "Europa está madura para o socialismo xa que as forzas produtivas están desenvolvidas e concentradas polo que socializalas sería doado".